Fertiberia TECH

# ENTREVISTA A **ALEJANDRO VIDAL, DELEGADO TÉCNICO COMERCIAL** DE **FERTIBERIA TECH** EN **A CORUÑA**




**Pódenos presentar Fertiberia TECH?**
Fertiberia TECH é a división do Grupo Fertiberia que agrupa os fertilizantes que incorporan a máis alta tecnoloxía para a nutrición dos cultivos. Dentro da oferta de fertilizantes hai moita variedade, desde produtos convencionais moi básicos ata produtos de vangarda, como son os que Fertiberia TECH representa. Falamos de fertilizantes con tecnoloxías que fan que funcionen mellor no campo e que sexan máis eficientes e rendibles para o agricultor ou gandeiro.

Podemos concluír que Fertiberia TECH é o resultado da unión dos esforzos dos equipos de I+D+i, industriais, *marketing* e comerciais do Grupo Fertiberia para aumentar a proxección dos produtos de elevada tecnoloxía en todos os mercados onde opera, con especial enfoque na península ibérica.

**Que tecnoloxía incorporan estes fertilizantes?**
Desde Fertiberia TECH incorporámoslles aos nosos fertilizantes diferentes tecnoloxías de última xeración. Temos a tecnoloxía baseada nun consorcio de moléculas de orixe vexetal e bacterias solubilizadoras de fósforo, que son as que levan os nosos fertilizantes AMICOTE ou a nosa emenda calcaria AMICOTE CORBIGRAN, e tamén temos a liña NERGETIC, que conta coa tecnoloxía C-PRO, na que se recobre cada gran cun polímero regulador que protexe todos os nutrientes. Por último, a formulación máis nova que ofrecemos é PLUSMASTER, coa tecnoloxía AntiOX, baseada en silicio activado que xera un aumento de antioxidantes nos cultivos onde o aplicamos.

**Á parte destas tecnoloxías, en que máis se diferencian os seus fertilizantes?**
En moitas cousas, por exemplo, na súa granulometría regular e sen nada de po. Os nosos produtos comercialízanse envasados desde fábrica, garantindo rigor na fabricación e na súa tecnoloxía. Temos produtos adaptados a cada tipo de chan e cultivo, con nitroxenados que poden ter unha velocidade de resposta maior ou menor en función das necesidades do cultivo. Outras empresas recomendan o mesmo fertilizante para todo, xa sexa unha pradeira ou un millo; nós, en cambio, cremos no concepto dun fertilizante para cada chan e para cada cultivo.

**E en que se diferencian no ámbito empresarial?**
Na nosa empresa destacamos sempre polo noso forte investimento en I+D+i, pola comprobación da eficacia agronómica dos nosos produtos con decenas de ensaios en campo e en laboratorio cada ano, polo noso *marketing* eficiente e dirixido, pola nosa rede de distribución seleccionada e polo noso apoio técnico-comercial en campo e servizo de asesoramento posvenda.

**Son o apoio técnico-comercial en campo e o servizo de asesoramento as claves do éxito?**
É a parte máis importante do noso traballo. Referímonos a visitas técnicas a gandeiros e agricultores, asesoramento técnico e seguimento dos cultivos, servizo gratuíto de análise de terras, foliares etc. Niso baseamos o noso traballo, no contacto diario con agricultores e gandeiros da man dos nosos distribuidores exclusivos de cada zona.

**AMICOTE**

**NERGETIC**

**PROFERTIL**

**Delegación de A Coruña**
Tel.: 636 163 729

**Delegación de Lugo**
Tel.: 638 199 510

**Delegación de Ourense e Pontevedra**
Tel.: 627 421 159

**INTERGAL ESPAÑOLA, S.A.**
**Grupo Fertiberia**
Torre Espacio,
Paseo de la Castellana, 259 - D | 28046 MADRID
Tel: 91 571 88 35 - Fax: 91 571 82 96
e-mail: info@intergal.es

**APP: ADP Fertilizantes**
App Store | Google play